

Campaña de vacinación antigripal 2018

Instrucción



A información relativa a esta campaña pódese consultar na web temática de gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>

INSTRUCCIÓN: 7/18

ASUNTO:

Campaña de vacinación antigripal 2018

ORIXE:

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA /
DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

DESTINATARIOS:

Centros de saúde / hospitais públicos / hospitais e centros médicos privados / residencias da terceira idade / centros penitenciarios / unidades asistenciais de drogodependencias / centros de menores e colexios-residencias / residencias de discapacitados / outros tipos de centros / xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade / EOXI

INICIO DA CAMPAÑA: 22 de outubro de 2018

FINALIZACIÓN: 28 de decembro de 2018

Edita: Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública

ÍNDICE

INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA	4
Introdución	6
1. Obxectivos da campaña	8
2. Duración da campaña	8
3. Administración da vacina fronte á gripe	9
4. Poboación diana	9
4.1. Persoas con risco de complicacións	9
■ Persoas de 60 ou máis anos, realizando especial fincapé na vacinación das persoas de 65 ou máis anos	9
■ Persoas de calquera idade residentes en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención a crónicos).....	9
■ Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación	9
■ Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) que reciben tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico, pola posibilidade de desenvolver unha síndrome de Reye	9
■ Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con algunha das seguintes patoloxías que presentan un maior risco de padecer complicacións derivadas da gripe	9
4.2. Persoas que lles poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de complicacións	10
4.3. Outras persoas nas cales se recomenda a vacinación	11
5. Información técnica sobre as vacinas antigripais	11
Composición	11
Tipos de vacina	12
Indicación das vacinas	12
Administración, pautas, doses e conservación	13
Inmunoxenicidade e efectividade	14
Efectos secundarios	15
Precaucións e contraindicacións	16
Administración simultánea da vacina antigripal e outras vacinas	17
6. Xestión	17
6.1 Distribución de vacinas a puntos de vacinación	17
6.2 Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío	20
6.3 Rexistro das doses administradas	20
7. Seguimento e avaliación da campaña. Informes	22
8. Recollida de doses sobrantes	23
ANEXOS	25
I. Coordinadores/as das EOXI	26
II. Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade	27

INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA

■ **Data de inicio:** 22/10/2018

■ **Data de finalización:** 28/12/2018

Novidades máis salientables

- Utilización de vacina tetravalente para as mulleres embarazadas e menores de 15 anos pertencentes a grupos de risco.
- O persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde poderá vacinarse desde o 15 de outubro, 1 semana antes do inicio da campaña.
- Para un mellor seguimento da campaña publicaranse informes mensuais para profesionais sanitarios sobre a cobertura de vacinación da súa cota.



Administración da vacina fronte á gripe

- Esta vacinación realízase como consecuencia dunha decisión da autoridade sanitaria en materia de saúde pública, por un risco epidemiolóxico e co fin de preservar a saúde colectiva e a das persoas cun maior risco de desenvolver complicacións por esta enfermidade, polo que non require diagnóstico nin prescrición previa.

Poboación diana

- Persoas de 60 ou máis anos, especialmente as persoas de 65 ou máis anos.
- Residentes en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención a crónicos).
- Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación.
- Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) con tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico.
- Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con patoloxías de risco (definidas na instrución).
- Profesionais de centros sanitarios, servizos e establecementos sanitarios.
- Estudantes en prácticas en centros sanitarios.
- Persoas que traballan en institucións xeriátricas ou en centros de atención a enfermos crónicos.
- Persoas que proporcionan coidados domiciliarios a pacientes de risco ou a persoas maiores.
- Membros da familia e conviventes (incluídos nenos) de persoas pertencentes a grupos de risco.
- Persoas que traballan en servizos esenciais para a comunidade.
- Traballadores expostos directamente ás aves domésticas ou porcos nas granxas ou explotacións avícolas ou porcinas, e tamén ás aves silvestres.

Vacinas da campaña

- **VaxigripTetra®:** mulleres embarazadas e persoas de 6 meses a 14 anos pertencentes a grupos de risco.
- **Afluria®:** persoas de 15 anos a 74 anos.
- **Chiromas®:** persoas de 75 ou máis anos e as ingresadas en residencias de 65 ou máis anos.

Pauta de vacinación

- Unha dose (agás os menores de 9 anos, que poden necesitar dúas).

Distribución de vacinas

Carga inicial:

- Os centros pertencentes ao Sergas recibirán carga inicial de doses sen ter que solicitala.
- Os restantes centros (hospitais privados, centros médicos privados, residencias...) deberán solicitar a carga inicial de doses das diferentes vacinas á xefatura territorial da Consellería de Sanidade correspondente.

Distribución:

	Días de distribución		
22 de outubro-2 de novembro	martes	mércores	venres
5-16 de novembro	martes	xoves	
A partir do 19 de novembro	xoves		

Sistemática de peticións:

Vía web. Prema no seguinte botón:

<https://goo.gl/9Hco69>

Rexistro de doses

Centros pertencentes á rede Sergas: módulo habilitado en IANUS.

Restantes centros: vía web. Prema no seguinte botón:

<https://goo.gl/1qxDMG>

Web temática de gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública

<http://gripe.sergas.gal>

Contacto

Xefaturas territoriais da Dirección Xeral de Saúde Pública

- A Coruña:**
corunavacinas.dlpc@sergas.es
981 155 822 / 981 082 261
- Lugo:**
xtlu.vacinas@sergas.es
982 292 117 / 982 292 113
- Ourense:**
vacinas.sanidade.ourense@sergas.es
988 066 347 / 988 066 332
- Pontevedra:**
vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es
986 885 881 / 986 885 824 / 986 885 826
- Vigo:**
vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es
986 817 724 / 986 817 233 / 986 817 232

EOXI (estrutura organizativa de xestión integrada)

- A Coruña-Cee:**
696 384 070 / 460 433 / 297 211
- Ferrol:**
981 334 018
- Santiago-Barbanza:**
250 480
- Lugo-Cervo-Monforte:**
982 296 130
- Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras:**
988 066 439
- Pontevedra-O Salnés:**
986 807 011
- Vigo:**
619 606 625 / 463 943 / 986 816 465

Introdución

A Consellería de Sanidade realiza cada outono, desde hai xa 27 anos, a campaña de vacinación antigripal, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde. Esta enfermidade pode ser grave e incluso mortal, especialmente nalgúns grupos, tales como as persoas maiores, as mulleres embarazadas e aquelas persoas con condicións médicas que as predispoñen ao padecemento de complicacións por esta enfermidade. Por este motivo e co obxectivo de reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da enfermidade, desde o mes de outubro levarase a cabo a Campaña de vacinación antigripal estacional de 2018 na nosa Comunidade.

A vacina da gripe reformúlase cada ano debido á variación constante dos virus gripais, co obxectivo de que concorden os virus incluídos na vacina cos circulantes. Na vacina recomendada para esta tempada 2018-2019 prodúcense dous cambios respecto á vacina utilizada na tempada anterior:

- No caso da cepa A(H3N2) substitúese a cepa A/Hong Kong/4801/2014 pola cepa **A/Singapore/INFIMH-16-0019/2016**.
- No caso do compoñente B, que era B/Brisbane/60/2008, substitúese por **B/Colorado/06/2017 (da liñaxe B/Victoria/2/87)**.

Como novidade neste ano, cabe subliñar a utilización, por primeira vez, da **vacina antigripal tetravalente**, que contén ademais das 3 cepas habituais unha cepa a maiores do virus B (B/Phuket/3073/2013, da liñaxe B/Yamagata/16/88) e que se vai utilizar nas mulleres embarazadas e nos menores de 15 anos que presenten algunha condición de risco.

Ademais, usaranse outras dúas vacinas para o resto da poboación, que son a vacina antigripal inactivada de antíxenos de superficie (Afluria[®]), que se pode utilizar desde os 5 anos de idade, e a vacina adxuvada con MF59C.1 (Chiromas[®]), indicada para as persoas de 75 ou máis anos e as de 65 ou máis anos ingresadas en residencias, xa que esta vacina xera unha resposta inmune máis potente neste grupo de persoas cun maior risco de complicacións.

Outra novidade importante é que ao **persoal sanitario** dos centros sanitarios públicos se lle ofrecerá a oportunidade de **comezar a vacinarse desde o día 15 de outubro**, unha semana antes do comezo da campaña para a poboación xeral, para que, deste xeito, poidan afrontala protexidos fronte a esta enfermidade, evitando o risco de transmisión da gripe aos seus pacientes, sobre todo ás aquelas persoas susceptibles de padecer

complicacións polo seu padecemento. Ademais, distribuiranse entre o persoal sanitario vacinado unhas chapas co lema “Eu vacineime. E ti?” para singularizar os profesionais comprometidos coa vacinación.

Outras melloras son a **publicación de informes mensuais para os profesionais sanitarios sobre a cobertura de vacinación antigripal da súa cota:**

“Perfil individual da cobertura de vacinación antigripal”, o primeiro dos informes que se publicarán no aplicativo WPRES, incluírá os datos globais do ano 2017 e nos seguintes, de periodicidade mensual ata marzo, figurarán as coberturas actualizadas, co fin de poder levar a cabo a autoavaliación do desenvolvemento da campaña, posibilitando a adopción de medidas correctoras, de considerarse necesario.

Tamén se van facer melloras no rexistro específico para facilitar a recollida dos datos e a mellor clasificación das persoas vacinadas. Cómpre lembrar, coma sempre, que esta é unha campaña de moi alto impacto no sistema asistencial, xa que implica a participación dun importante número de profesionais sanitarios que desenvolven o seu traballo en centros nos que se atenden as persoas pertencentes a grupos de risco, e de aí a enorme importancia da colaboración de todos os profesionais implicados nela.

1. Obxectivos da campaña

Os obxectivos que se pretenden acadar nesta campaña de vacinación detállanse a continuación:

Obxectivo xeral

Diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe, tentando minimizar o impacto na saúde mediante a súa prevención.

Obxectivos específicos

- Conseguir unha cobertura na poboación de 60 a 64 anos igual ou superior ao 35 %.
- Conseguir unha cobertura na poboación de 65 ou máis anos igual ou superior ao 65 %.
- Conseguir unha cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde superior ao 40 %.
- Conseguir unha cobertura vacinal nas mulleres embarazadas igual ou superior ao 40 %.

Obxectivos de xestión

- Conseguir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5 % das doses subministradas aos centros.
- Conseguir que a relación entre as doses rexistradas e as utilizadas sexa de máis do 97 %.

2. Duración da campaña

- Inicio: **22 de outubro**
- Fin: **28 de decembro**

Como novidade este ano, ao persoal sanitario dos centros sanitarios públicos ofreceráselle a vacinación desde o día **15 de outubro**, para afrontar a campaña protexido fronte a esta enfermidade e evitar o risco de transmisión da gripe aos seus pacientes, sobre todo a aquelas persoas con alto risco de padecer as súas complicacións.



3. Administración da vacina fronte á gripe

Esta vacinación realízase como consecuencia dunha decisión da autoridade sanitaria en materia de saúde pública, por un risco epidemiolóxico e para preservar a saúde colectiva e a das persoas con maior risco de desenvolver complicacións por esta enfermidade, polo que non require diagnóstico nin prescrición previa.

Estas recomendacións de vacinación fórmulanse ao abeiro do establecido na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e na normativa das comunidades autónomas nesta materia.

4. Poboación diana

4.1. Persoas con risco de complicacións

- 4.1.1 Persoas de 60 ou máis anos, realizando especial fincapé na vacinación das persoas de 65 ou máis anos.**
- 4.1.2 Persoas de calquera idade residentes en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención a crónicos).**
- 4.1.3 Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación.**
- 4.1.4 Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) que reciben tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico, pola posibilidade de desenvolver unha síndrome de Reye.**
- 4.1.5 Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con algunha das seguintes patoloxías que presentan un maior risco de padecer complicacións derivadas da gripe:**
 - Enfermidades do sistema cardiovascular.
 - Enfermidades respiratorias (inclúe asma, displasia broncopulmonar, fibrose cística...).
 - Enfermidades neurolóxicas.
 - Persoas con diabetes mellitus.
 - Persoas con obesidade mórbida (índice de masa corporal ≥ 40 en adultos, ≥ 35 en adolescentes ou ≥ 3 DS na infancia).
 - Enfermidade renal crónica e síndrome nefrótica.
 - Hemoglobinopatías e anemias.

- Hemofilia e trastornos hemorráxicos crónicos, así como receptores de hemo-derivados e transfusións múltiples.
- Asplenia ou disfunción esplénica.
- Enfermidades hepáticas crónicas, incluíndo alcoholismo crónico.
- Enfermidades neuromusculares graves.
- Pacientes con inmunosupresión (incluída a causada pola infección por VIH, por fármacos –incluíndo tratamento con eculizumab– ou nos receptores de transplantes.
- Cancro e hemopatías malignas.
- Trastornos e enfermidades que implican disfunción cognitiva (síndrome de Down, parálise cerebral, demencias...).
- Persoas portadoras de implantes cocleares ou en espera.
- Persoas con fístulas de LCR.
- Enfermidade celíaca.
- Enfermidade inflamatoria crónica.

Nestes grupos farase un especial fincapé nas persoas que precisen seguimento médico periódico ou as hospitalizados no ano previo.

4.2. Persoas que lles poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de presentar complicacións

- Todos os traballadores de centros sanitarios, servizos e establecementos sanitarios, tanto de atención primaria como de especializada, públicos ou privados, con especial énfase naqueles que atenden a pacientes de alto risco.
- Estudantes en prácticas en centros sanitarios.
- Persoas que traballan en institucións xeriátricas ou en centros de atención a enfermos crónicos, especialmente as que teñan contacto continuo con persoas vulnerables.
- Persoas que proporcionan coidados domiciliarios a pacientes de alto risco ou a persoas maiores.
- Membros da familia e conviventes (incluídos nenos) de persoas pertencentes a grupos de risco.

4.3. Outras persoas nas cales se recomenda a vacunación

- I Persoas que traballan en servizos esenciais para a comunidade: forzas e corpos de seguridade do Estado, bombeiros, protección civil, emerxencias sanitarias, traballadores de institucións penitenciarias e outros centros de internamento por resolución xudicial (centros de acollida de inmigrantes...).
- I Traballadores expostos directamente ás aves domésticas ou porcos nas granxas ou explotacións avícolas ou porcinas e tamén ás aves silvestres. A finalidade é reducir a oportunidade dunha infección concomitante de virus humano e aviario ou porcino, diminuindo a posibilidade de recombinación ou intercambio xenético entre ambos os virus.



5. Información técnica sobre as vacinas antigripais

Composición

Vacina trivalente INACTIVADA que contén os seguintes antíxenos por dose:


- I Cepa análoga A/Michigan/45/2015 (H1N1) pdm09: 15 µg de HA
- I Cepa análoga A/Singapore/INFIMH-16-0019/2016 (H3N2): 15 µg de HA
- I Cepa análoga B/Colorado/06/2017 (liñaxe B/Victoria/2/87): 15 µg HA

Vacina tetraivalente INACTIVADA que contén ademais dos anteriores:

- I Cepa análoga B/Phuket/3073/2013 (liñaxe Yamagata/16/88): 15 µg HA

Tipos de vacina

As vacinas antigripais que se subministran maioritariamente nesta campaña son vacinas trivalentes do laboratorio Seqirus Spain, S.L.:



I **Afluria®:**

Vacina de virus fraccionados inactivados.

I **Chiromas®:**

Vacina de antígenos de superficie inactivados con adxuvante MF59C.1 para persoas de 75 ou máis anos, e as ingresadas en residencias, de 65 ou máis anos.



Este ano, como novidade, utilizarase unha vacina tetravalente do laboratorio Sanofi:

I **Vacina VaxigripTetra®:**

Vacina de virus fraccionados e inactivados.

Para utilizar en:

- Mulleres embarazadas.
- Persoas de entre 6 meses e 15 anos pertencente a grupos de risco.

Indicación das vacinas

Grupo de idade	Mulleres embarazadas e < 15 anos de grupos de risco	≥ 15 anos e < 65 anos	De 65 a 74 anos	De 75 ou máis anos
Persoas non institucionalizadas	Vaxigrip Tetra®	Afluria®	Afluria®	Chiromas®
Persoas ingresadas en residencias		Afluria®	Chiromas®	

Administración, pautas, doses e conservación

VAXIGRIP TETRA®

- I Esta vacina está autorizada para o seu uso a partir dos 6 meses de idade.
- I Vía de administración: intramuscular ou subcutánea.
- I O lugar preferido para a inxección é a cara anterolateral da coxa (ou o músculo deltoide se a masa muscular é adecuada) en nenos de 6 a 35 meses.
- I Nos maiores de 36 meses é de elección o músculo deltoide.
- I Dose: 0,5 ml.
- I A pauta de vacinación en nenos de 9 ou máis anos e adultos é dunha única dose.
- I Aos nenos menores de 9 anos que reciban a vacina antigripal por primeira vez na súa vida débeselles administrar unha segunda dose de 0,5 ml tras un intervalo mínimo de 4 semanas. Se xa recibiron a vacina en tempadas anteriores só precisan dunha única dose.

AFLURIA®

- I Esta vacina está autorizada para o seu uso a partir dos 5 anos de idade.
- I Vía de administración:
 - Intramuscular ou subcutánea profunda.
- I Dose: 0,5 ml.
- I Pauta de vacinación:
 - En nenos de 9 ou máis anos e adultos: unha única dose.
 - En nenos de entre 5 e 9 anos que non foran previamente vacinados, debe administrarse unha segunda dose tras un intervalo mínimo de 4 semanas.

CHIROMAS®

- I Esta vacina só está autorizada en adultos de 65 ou máis anos.
- I Vía de administración:
 - Intramuscular.
 - O lugar de administración é o músculo deltoide.
- I Dose: 0,5 ml.

As persoas con trastornos da coagulación ou en tratamentos anticoagulantes poden desenvolver hematomas no lugar da inxección. Isto non contraindica a vacunación e, de precisar unha vacina cuxa vía de administración sexa unicamente intramuscular, debe utilizarse unha agulla fina (calibre ≤ 3 G) aplicando presión local sen fretar durante 2 minutos. Se está con tratamento fronte á hemofilia ou similar, aproveitarase para vacinar inmediatamente tras a administración do tratamento. En todo caso, é aconsellable consultar co especialista.

CONSERVACIÓN

- I Conservar en neveira, entre $+2$ °C e $+8$ °C, e coa súa embalaxe exterior para protexela da luz.
- I Non deben conxelarse.

A mellor estratexia para a prevención da gripe e as súas complicacións é a vacunación anual.



Imunoxenicidade e efectividade

A eficacia e a efectividade da vacina pode variar entre un 30-80% dependendo da idade e da inmunocompetencia da persoa, así como do grao de similitude entre os virus contidos na vacina e os virus circulantes.

Aínda así, a vacina da gripe ten un importante beneficio, xa que reduce a frecuencia de complicacións secundarias e diminúe, así mesmo, o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe nos maiores e en persoas con condicións médicas de risco.

Despois da vacunación, a maioría dos nenos e adultos novos desenvolven títulos de anticorpos que protexen fronte á infección de cepas similares ás incluídas nas vacinas.

A resposta de anticorpos pode ser menor en pacientes con inmunodeficiencia endóxena ou iatroxénica.

Efectos secundarios



As vacinas antigripais non poden ocasionar a gripe, xa que conteñen soamente virus fraccionados non infecciosos ou antígenos (inactivados).

Os efectos adversos son pouco frecuentes e, cando aparecen, adoitan ser locais e autolimitados.

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local (dor, eritema, induración) no lugar da inxección, que dura menos de 48 horas. As reaccións locais aparentes poden ser máis frecuentes coa vacina intradérmica, aínda que se resollen espontaneamente entre 1-3 días tras o seu inicio.

Estas reaccións locais, polo xeral, son leves e raramente interfieren coas actividades rutinarias.

Con menor frecuencia (< 10%), poden ocorrer dous tipos de reaccións sistémicas:

- Febre, cefalea, malestar, mialxias e outros síntomas sistémicos, que se inician ás 6-12 horas tras a vacinación, e persisten 1-2 días. Afectan máis a miúdo a aquelas persoas non vacinadas con anterioridade.
- Con moi pouca frecuencia poden aparecer reaccións inmediatas (presumiblemente alérxicas), que se manifestan como anxioedema, asma ou anafilaxe. Probablemente, estas reaccións prodúcense por hipersensibilidade a algún compoñente da vacina.

Para máis información pode consultar as fichas técnicas das vacinas dispoñibles en:

<http://gripe.sergas.gal>



As vacinas antigripais son seguras e efectivas en todos os grupos de idade

Precaucións e contraindicacións

- I A vacina non se lles debe administrar a persoas con **antecedentes de reacción anafiláctica** a doses previas ou a algún compoñente da vacina.
- I No caso de **enfermidade febril severa concorrente**, a vacinación deberá diferirse ata que remitan os seus síntomas.

Non obstante, enfermidades menores con ou sen febre non contraindican o uso da vacina da gripe, particularmente en nenos con infección leve do tracto respiratorio superior ou rinite alérxica, polo que nestes casos a vacinación non se debería pospoñer.

- I Persoas que non sexan de alto risco e que padeceran síndrome de Guillain-Barré (SGB) nas 6 semanas posteriores a unha dose previa de vacina antigripal.

Aínda que non existe unha clara evidencia da asociación causal entre a vacina antigripal e a SGB, nese caso parece prudente non administrarlles a vacina.

No caso de persoas con antecedentes de SGB que teñen un risco moi elevado de complicacións gripais graves, a maioría dos expertos cren que os beneficios da vacinación antigripal xustifican o seu uso, xa que o padecemento da gripe implica un maior risco de presentar recaídas respecto á SGB que a vacinación. As investigacións realizadas indican que non existe un incremento substancial da incidencia desta síndrome coa vacinación antigripal.

- I A aplicación da vacina NON ESTÁ CONTRAINDICADA en persoas inmunodeficientes calquera que sexa o motivo, dado que as vacinas dispoñibles son vacinas inactivadas e, polo tanto, non existe risco de proliferación viral incontrolada. Tan só se pode esperar unha menor resposta inmune.
- I A vacinación tampouco está contraindicada no período de lactación materna. Ao contrario, está recomendada, pois evita riscos á nai e ao neno.
- I A vacina VaxigripTetra[®] está exenta de látex, Afluria[®] está libre de látex na súa manufactura e envase. Na vacina Chiromas[®], aínda que non se detectou látex de caucho natural no tapón da punta da xiringa, non se estableceu a seguridade do seu uso en persoas sensibles ao látex.
- I As vacinas dispoñibles están cultivadas en ovos, polo que as persoas que experimentaron hipersensibilidade ao ovo poden ter un risco aumentado de alerxia á vacina antigripal.

Non obstante, existe evidencia suficiente para recomendar que as persoas con historia de alerxia despois da exposición ao ovo poden recibir vacinas fronte á gripe sen

precaucións especiais. As precaucións deben ser similares ás tomadas ante a administración de calquera outra vacina. No caso de ter presentado reaccións alérxicas graves ou anafilaxia ao ovo, a vacunación deberá realizala persoal con experiencia e supervisala 30 minutos tras a administración.

- I No caso de persoas de alto risco con contraindicación á vacina, a utilización de antivíricos é unha opción para previr a gripe, e igualmente débese lembrar a vacunación dos seus conviventes.

Administración simultánea da vacina antigripal e outras vacinas

As vacinas antigripais pódense administrar simultaneamente con outras vacinas, sempre e cando a súa administración se realice en lugares anatómicos diferentes.

Para máis información, pódense consultar as fichas técnicas en:

<http://gripe.sergas.gal>

6. Xestión

6.1 Distribución de vacinas a puntos de vacunación

Carga inicial

Os centros pertencentes ao Sergas recibirán a carga inicial de doses sen ter que solicitala.

- I Vacina Afluria: para afrontar a vacunación do persoal sanitario, semana do 8 ao 11 de outubro.
- I O resto das vacinas distribuiranse na semana do 15 ao 19 de outubro.

Os centros de saúde que non reciban vacina tetravalente na carga inicial (centros máis pequenos) deberán solicitala en función das necesidades reais tendo en conta o número de embarazadas e menores de 15 anos susceptibles de vacunación no seu centro.

Os restantes centros (hospitais privados, centros médicos privados, residencias...) deberán solicitar a carga inicial de doses das diferentes vacinas á xefatura territorial da Consellería de Sanidade correspondente.

Distribución de vacinas

As peticións deberán realizarse antes das 14.00 horas, para poder realizar a súa tramitación.



1ª-2ª semana (22 de outubro-2 de novembro)

A distribución realizarase 3 días á semana:

- I **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- I **Mércores:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o luns previo.
- I **Venres:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o mércores previo.

3ª-4ª semana (5-16 de novembro)

A distribución realizarase 2 días á semana:

- I **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- I **Xoves:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o martes previo.

A partir da 5ª semana da campaña (19 de novembro)

- I **Xoves:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o martes previo.

NON SE SERVIRÁN ENVÍOS EXTRAORDINARIOS

(agás en casos moi puntuais e debidamente xustificados).

Peticións

As peticións realizaranse á xefatura territorial de Sanidade correspondente, a través da páxina web do Sergas, no seguinte enlace:

<https://goo.gl/eaoQfM>

Accesibilidade Galego Castelán

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Distribución de vacinas

Sistema de información de vacinas

Sistema de información da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde definido polo Programa galego de vacunación (PGV) para levar a cabo as seguintes xestións, dende os puntos autorizados:

- Xestión das vacinas por parte de puntos de vacunación públicos e privados: xestión de peticións, xestión de stock e consulta de movementos.
- Rexistro e consulta de vacinas por parte de puntos de vacunación privados.

Usuarios da rede do SERGAS:

Usuarios de centros privados (acceso por certificado dixital):

Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde
Xunta de Galicia

Seleccionar a opción que proceda:

- I **Centros pertencentes á rede do Servizo Galego de Saúde:** os usuarios accederán introducindo o *login* e o *password* que utilizan habitualmente.
- I **Restantes centros:** poderán introducirse no sistema mediante certificado dixital.

Ante algunha circunstancia que impida realizar a petición por esta vía, deberá poñerse en contacto coa xefatura territorial de Sanidade correspondente.

A solicitude de doses terá que adaptarse ás necesidades reais do centro, tendo en conta as doses administradas en anos pasados, as estimacións para este ano e que nas primeiras semanas se entregarán doses tres veces por semana.

No caso de existir claras diferenzas entre as doses distribuídas e as rexistradas, os técnicos das xefaturas territoriais valorarán as cantidades a subministrar.

Tipo de vacina e número de doses que se solicitarán

Tendo en conta o *stock* existente no centro e o número de persoas que se prevé vacinar ata o momento da seguinte entrega, estimárase o número de doses que se van precisar de:

Afluria®:

- I Persoas non institucionalizadas, cunha idade de entre 15 e 74 anos de idade (ambos inclusive).
- I Deberá realizarse a petición de doses en múltiplos de 10.

Chiromas®:

- I Persoas non institucionalizadas, de 75 ou máis anos.
- I Persoas ingresadas en residencias de 65 ou máis anos.
- I Deberá realizarse a petición de doses en múltiplos de 10.

VaxigripTetra®:

- I Mulleres embarazadas.
- I Menores de 15 anos pertencentes a grupos de risco.

6.2 Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío

Cando se reciban as vacinas, verificarase que o tipo de vacina e o número de doses se corresponde co que figura no albará de entrega.

As vacinas deberán trasladarse inmediatamente á neveira, conservarse a unha temperatura de entre +2 °C e +8 °C evitando a súa conxelación e a exposición á luz.

A neveira deberá estar dotada dun termómetro de temperatura máxima e mínima, do cal se deberán realizar dúas lecturas diarias: á primeira e á última hora da xornada laboral, e rexistralas.

As incidencias na recepción de vacinas débenselle notificar á xefatura territorial de Sanidade correspondente (véxase o anexo II), así como toda ruptura da rede de frío, especificando a temperatura dese momento, a máxima e mínima acadadas, así como o número estimado de horas de exposición ás ditas temperaturas.

6.3 Rexistro das doses administradas

Neste ano incorpóranse unha serie de modificacións no rexistro que interesa subliñar:

- I A vacunación das mulleres embarazadas durante a temporada de gripe deberá rexistrarse na epígrafe “**Embarazadas**”, aínda que pertencen a algún outro grupo de risco, **priorizándose o rexistro do embarazo sobre outros grupos.**

- I Créase un novo apartado, “**Estudantes en prácticas do Sergas**”, para o rexistro da vacunación dos **estudantes en prácticas non residentes, sexan persoal médico ou de enfermaría**.

“Durante a campaña, nos casos en que o persoal de enfermaría se desprace aos domicilios para visitas proactivas ou de seguimento de enfermos crónicos, levará consigo vacinas antigripais para ofrecerlles a vacunación e proceder a esta nese momento. Lémbrese a importancia do rexistro destas vacinas desde o centro”.

Nos centros da rede do Sergas, as doses administradas débense rexistrar a través do módulo habilitado en IANUS para a campaña; **non será necesario que os hospitais rexistren a unidade hospitalaria do persoal sanitario que se vacina**, xa que esta información se acadará indirectamente.

CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL 2018

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Campaña de vacunación antigripal 2018

Nome [redacted] Data de nacemento [redacted] Idade [redacted]

Listaxe Vacinacións 2018 Historial vacinacións campañas

Punto de Vacinación: --

Data: 01/10/2018

Vacina:

Nome comercial:

Afluria Chiromas Vaxigrip Tetra

Lotes:

Grupo:

Persoas con Risco

Embarazadas

Personal médico SERGAS (incluídos os MIR) *

Personal de enfermaría SERGAS (incluídos os EIR) *

Outro persoal do SERGAS (auxiliares, celadores, administrativos...) *

Estudantes en prácticas do Sergas *

Persoal sanitario de centros privados *

Persoas de 60 ou máis anos e doutros grupos nos que está indicada a vacunación *

Persoas sen risco

* Rexistrar a vacunación das embarazadas no primeiro apartado aínda que pertencen tamén a este grupo de risco.

Vacinas campaña antigripal 2018

Editar	Punto vacinación	Vacina	Data vacinación	Tipo
>	[redacted]	GRIPE	[redacted]	Vacinación
>	[redacted]	GRIPE	[redacted]	Vacinación

MODIFICAR

ELIMINAR

1 2

Os restantes centros rexistrarán vía web as doses que administren.
Prema no seguinte botón:

<https://goo.gl/cFqp8f>

As vacinas débense rexistrar evitando demoras na súa informatización.

En caso de dúbida, os centros débense poñer en contacto coa xefatura territorial de Sanidade correspondente.

Rexistro das renuncias

Existe un apartado específico para consignar esta información. En caso de que a persoa á que se lle indica a vacinación renunciase a ela, deberase consignar na epígrafe correspondente.

Levarase un control das vacinas rexistradas, de cara a xestionar as peticións de reposición de doses vacinais.

7. Seguimento e avaliación da campaña. Informes

Este ano, como novidade, os centros de atención primaria da rede do Sergas disporán do INFORME personalizado de cobertura de vacinación antigripal por cota médica:

Para facilitar o seguimento individualizado da campaña por parte dos profesionais sanitarios, publicarase a través de WPRES un informe personalizado das cobertura de vacinación antigripal por cota médica e a súa comparativa co centro/unidade de atención primaria e EOXI correspondente.

Previamente ao inicio desta, no mes de outubro, publicarase este informe cos datos relativos á campaña pasada (2017) para que sirvan de punto de partida; posteriormente, nos meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro poranse á disposición os informes relativos a esta campaña 2018, que proporcionarán información actualizada e permitirán avaliar o desenvolvemento da vacinación neste ano, permitindo levar a cabo as accións que se consideren oportunas no caso de ser necesarias.

Semanalmente e durante o transcurso da campaña, publicarase na páxina web temática de gripe a información sobre a evolución da vacinación, seguindo a mesma sistemática de anos anteriores.

Logo de rematar a campaña, procederase á elaboración do informe final da campaña, que, unha vez rematado, se publicará nesa mesma páxina web.

8. Recollida de doses sobrantes

As xefaturas territoriais de Sanidade poñeranse en contacto cos centros no mes de xaneiro de 2019 para solicitarlles o número de doses de vacina antigripal que cómpre recoller no seu centro.

Os puntos que o precisen poderán quedar cun pequeno número de vacinas antigripais para completar pautas.

A información relativa a esta campaña pódese consultar na web temática da gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>

Andrés Paz-Ares Rodríguez
DIRECTOR XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Jorge Aboal Viñas
DIRECTOR XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA



Anexos





Anexo I. Coordinadores/as das EOXI

A Coruña e Cee

Montserrat Cendán Vérez

Tfnos.: 981 178 000 ext. 297 211 / 291 023

Correo electrónico: montserrat.cendan.verez@sergas.es

Ferrol

Esther Vidal Maroño

Tfno.: 981 334 018 / 234 573

Correo electrónico: esther.vidal.marono@sergas.es

Santiago de Compostela-Barbanza

Montserrat Souto Pereira

Tfno.: 250 480

Correo electrónico: montserrat.souto.pereira@sergas.es

Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Ángeles Dono Díaz

Tfno.: 536 299

Correo electrónico: maria.de.los.angeles.dono.diaz@sergas.es

Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

M^a Dolores Sánchez González

Tfno.: 566 439

Correo electrónico: maria.dolores.sanchez.gonzalez@sergas.es

Pontevedra e O Salnés

Dolores Otero Alarcón

Tfno.: 986 807 011 / 287 011

Correo electrónico: maria.dolores.otero.alarcon@sergas.es

Vigo

Ana Estévez Álvarez

Tfnos.: 986 816 465 / 986 816 469 / 619 606 625

Correo electrónico: ana.maria.estevez.alvarez@sergas.es

Anexo II. Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade

A Coruña

Tfnos.: 981 155 822 - 981 082 261
Fax: 981 155 725
Correo electrónico: corunavacinas.dlpc@sergas.es

Lugo

Tfnos.: 982 292 117 - 982 292 113
Fax: 982 292 115
Correo electrónico: xtlu.vacinas@sergas.es

Ourense

Tfnos.: 988 066 347 - 988 066 332
Fax: 988 066 302
Correo electrónico: vacinas.sanidade.ourense@sergas.es

Unidade de Pontevedra

Tfnos.: 986 885 881 - 986 885 824 - 986 885 826
Fax: 986 885 802
Correo electrónico: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

Unidade de Vigo

Tfnos.: 986 817 724 - 986 817 233 - 986 817 232
Fax: 986 817 627
Correo electrónico: vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

A información relativa a esta campaña pode consultarse na web temática de gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>

